

Boletín do iLTIUS



Instituto de Investigacións
Lingüísticas e Literarias da USC

Actividades científicas

19/02/2026

O investigador Manuel Pedro Ferreira (Centro de Estudos em Música da Universidade Nova de Lisboa – CESEM – NOVA FCSH) ofreceu unha conferencia titulada *O rei D. Dinis, trovador e a súa música*, o 19 de febreiro de 2026, na Sala Académica da Facultade de Filoloxía. A intervención centrouse na dimensión literaria e musical do monarca portugués. D. Dinis.

Manuel Pedro Ferreira é profesor do Departamento de Ciencias Musicais da NOVA FCSH, onde tamén coordinou o Centro de Estudos de Socioloxía e Estética Musical entre 2005 e 2023. Fundou en 1995 o grupo de música antiga Voces Alfonsinas, que continúa dirixindo, e foi elixido membro da Academia Europaea en 2010. Ademais, formou parte do consello directivo da Sociedade Internacional de Musicoloxía entre 2012 e 2022.

Entre as súas achegas destacan a edición facsimilar do *Cancioneiro de Elvas* e do manuscrito 714 da Biblioteca Pública Municipal do Porto, así como diversos libros e volumes colectivos sobre música medieval e renacentista. Tamén desenvolveu actividade como crítico musical, compositor e poeta.

Esta actividade foi organizada polo grupo de investigación **GI-1350 Románicas** e recoñecida polo **Programa de Doutoramento en Estudos Medievais**.



Publicacións

Morán Cabanas, M., I. (2025). *Poesia, Espetáculo e Peregrinação a Santiago de Compostela na Corte Portuguesa*. Peter Lang. ISBN 9783631889879.

<https://doi.org/10.3726/b22753>

A Universidade de Santiago de Compostela ven de presentar unha investigación inédita que analiza en profundidade a peregrinación que realizou en 1502 o rei Manuel I de Portugal a Santiago de Compostela, un episodio clave na historia do Camino Portugués que ata agora non estaba estudado de forma monográfica.

O estudo, levado a cabo desde unha perspectiva multi e interdisciplinaria, foi elaborado por Isabel Morán Cabanas, profesora de Literatura Portuguesa da USC e investigadora do iLTIUS. A autora reconstrúe o percorrido e o contexto desta viaxe real, combinando enfoques sociais, históricos, artísticos e literarios.


A monografía detense nos motivos relixiosos e políticos que impulsaron ao monarca, a composición da súa comitiva e os lugares visitados, así como nas celebracións e representacións simbólicas que acompañaron a súa estada en Compostela. Tamén aporta novas perspectivas sobre as pegadas materiais e culturais desta peregrinación e destaca a súa influencia na consolidación histórica e patrimonial do Camiño Portugués.

O traballo parte dun texto incluído no *Cancioneiro Geral* (compilado polo intelectual e cronista rexio Garcia de Resende) que celebra o regreso de Manuel I e ofrece un percorrido polos itinerarios desde Lisboa ata Compostela, pasando por Valença do Minho e Tui. Inclúe análises detalladas da comitiva, da cerimonia e mesmo de obxectos como un presente de prata que o rei ofreceu á Catedral de Santiago.

Con esta monografía, Isabel Morán non só cubre unha lagoa histórica nos estudos xacobeos, senón que sitúa a peregrinación do rei Manuel I como un fito fundamental na configuración cultural, literaria e patrimonial do Camiño de Santiago.

Máis información no [Xornal da USC](#).

Con esta monografía, Isabel Morán non só cobre unha lagoa histórica nos estudos xacobeos, senón que sitúa a peregrinación do rei Manuel I como un fito fundamental na configuración cultural, literaria e patrimonial do Camiño de Santiago.



Novas do iLTIUS

A Xunta de Goberno do iLTIUS aproba o nomeamento da súa dirección definitiva

A Xunta de Goberno do Instituto de Investigacións Lingüísticas e Literarias da USC (iLTIUS) celebrou o 3 de febreiro, na Reitoría, unha reunión extraordinaria para o nomeamento da súa **dirección definitiva**, que estivo presidida polo Sr. Reitor, Antonio López, e contou coa asistencia da Sra. Vicerreitora de Política Científica. Segundo o acordo, alcanzado por unanimidade, dirixirá o Instituto a catedrática de Literatura española **María José Alonso Veloso**, que exerceu funcións como directora comisaria desde a creación do centro ao comezo de 2025. A directora propuxo á profesora **Tamara Bouso Rivas**, profesora titular de Filoloxía inglesa, como **secretaría definitiva**.

Esta sesión implica a consolidación do iLTIUS, logo de nove meses nos que foi despregando de xeito progresivo a súa actividade. Unha vez constituídos todos os órganos de goberno do Instituto (Dirección comisaria, Xunta de Goberno, Comité Asesor Externo e Consello Científico), e vinculados arredor de setenta membros (medio cento de permanentes e vinte non permanentes, entre posdoutorais e doutorandos), iniciouse o proceso para o nomeamento dunha dirección definitiva que substitúe á dirección comisaria, de carácter transitorio, cuxa función foi a posta en funcionamento do Instituto.

De acordo co procedemento e a normativa de aplicación, abriuse un proceso de presentación de candidaturas para todos/as os/as membros vinculados/as permanentes que así o desexasen e que cumprisen os requisitos mínimos esixidos, idénticos aos que a normativa da USC esixe aos investigadores garantes dos institutos de investigación: alomenos dous sexenios, dirección de proxectos nacionais ou internacionais nos catro anos previos e dirección de teses de doutoramento no último quinquenio. Unha vez recibidas as candidaturas e verificado o cumprimento dos requisitos formais, a única recibida, presentada pola actual directora comisaria, foi remitida á Comisión Asesora Externa (CAE) para a súa avaliación. Esta avaliación científica e a obtención dun informe favorable por parte dos expertos eran preceptivas para que poidese continuar o procedemento.

Unha vez validada pola CAE, a candidatura presentada foi tramitada ao Consello Científico do iLTIUS, que, nunha sesión extraordinaria celebrada a pasada semana, procedeu á elección da candidata avaliada, María José Alonso Veloso. A continuación, elevouse a correspondente proposta de nomeamento á Xunta de Goberno do iLTIUS, órgano competente.

A directora comisaria anunciou ao Consello científico que apostaba pola continuidade na secretaría do Instituto, polo que solicitou á Xunta de Goberno que procedese tamén ao nomeamento de Tamara Bouso como secretaria definitiva.

As persoas integrantes da Comisión Asesora Externa que realizaron a avaliación das candidaturas, en todos os casos catedráticos de universidade, foron as seguintes:

- María del Pilar García Mayo. Departamento de Filoloxía Inglesa, Universidad del País Vasco / Euskal Herriko Unibertsitatea (UPV/EHU).
- María del Carmen González Vázquez. Departamento de Filoloxía Clásica, Universidad Autónoma de Madrid.
- Francisco Javier Martín Arista. Departamento de Filoloxías Modernas, Universidad de La Rioja.
- Juan Miguel Valero Moreno. Departamento de Filoloxía Románica, Universidad de Salamanca.

O informe de avaliación das candidaturas á dirección do iLTIUS elaborado polas persoas avaliadoras da Comisión Asesora Externa foi presentado diante da Xunta de Goberno do Instituto, xunto co resultado da elección realizada polo Consello Científico.

A dirección definitiva, cuxo mandato terá unha duración de seis anos improrrogables, de acordo coa normativa vixente, poderá agora abordar o progresivo despregamento da axenda científica do iLTIUS. Un dos vindeiros pasos será a presentación do presuposto e as accións previstas para este ano 2026.

Cómpre lembrar que o Instituto acadou importantes fitos en só nove meses de funcionamento. Ademais de abordar a primeira convocatoria de vinculación, concluída con éxito, e poñer en marcha todos os seus órganos de goberno, o iLTIUS conta xa cunha sede no Centro de Estudos Avanzados (CEA), unha técnica superior de xestión, unha web en tres linguas (galego, castelán e inglés), un Boletín informativo e unha lista de distribución para membros e persoas interesadas na actividade do Instituto.

Máis información no [Xornal da USC](#) e no [Diario de Santiago](#).

Contacto

Enderezo electrónico: iltius.xestion@usc.gal

Páxina web: [Instituto de Investigacións Lingüísticas e Literarias da USC \(iLTIUS\)](#)

Formulario de solicitude de difusión, dispoñible [aquí](#).